



Ana Pontón. Discurso do Debate do Estado da Nación 2018

Estamos no ***Debate sobre o estado da nación galega***. Este non é o debate sobre o estado de ánimo de Alberto Núñez Feijóo, nin sobre o estado de Pedro Sánchez, nin de Cataluña. **É o debate sobre o estado da nación galega.**

E o que esperaban as persoas deste país e que falara de Galiza, dos problemas e das solucións, que respondera a unha pregunta: Está Galiza, está a cidadanía deste país mellor que cando vostede chegou a Montepio fai case unha década?

Viven mellor os galegos e as galegas? Teñen mellores empregos e salarios? Reciben mellores servizos públicos?

Os nosos mozos e mozas teñen mellores perspectivas de futuro que a xeración dos seus pais? Os nosos maiores gozan de mellores pensións?

Pero nada disto centrou a súa intervención. De novo, ven aquí cun discurso reseso e rancio, copiando as homilías do seu xefe Pablo Casado, un discurso no que repite as promesas de sempre e acúa como o presidente-Profeta da post-verdade:

Porque é postverdade dicirnos que nunca viviremos mellor, cando hai medio millón de persoas en risco de pobreza e emigraron 267.000 galegos e galegas.

É postverdade que lle indigne o *dieselazo*, cando vostede multiplicou por catro o imposto ó gasóleo

É postverdade, que nos anuncie baixadas de impostos e non aclare cantos médicos vai suprimir, e cantos profesores vai deixar sen contratar.

É postverdade que nos diga que lle quita lastres a Galiza cando incrementou a débeda un 270% .

É postverdade que se solucionen os problemas demográficos, con esmolos a natalidade. O problema é a economía non a demografía!

É postverdade que nos diga que por culpa de Pedro Sánchez non hai teito de gasto. Sr. Feijóo, o ano pasado aprobou o teito de gasto e tampouco estaba aprobado polo goberno de Rajoy. Está facendo partidismo cutre con este tema.

É postverdade que se autoproclame militante de Galiza quen foi cómplice de todas e cada unha das discriminacións con Galiza. Desde os retrasos do AVE, os recortazos nos orzamentos ou o veto da transferencia da AP-9, á tarifa eléctrica galega.

É vostede o presidente-profeta da post-verdade. Esa é a seriedade coa que vostede se toma a este país.

Pero non se preocupe, que aquí está o BNG para falar do que realmente lle preocupa á xente. Aquí estamos para falar do que vostede non quere responder.

Viven mellor os galegos e as galegas hoxe tras o seus anos de des-goberno?

Empecemos polo emprego:

Pese as súas promesas hai máis paro, menos emprego e de peor calidade que cando vostede chegou á Xunta.

Os galegos e as galegas estamos instalados na precariedade, con pensións e salarios que figuran entre os máis baixos do Estado e con emigración: o burato demográfico da emigración é como se desaparecera a cidade da Coruña enteira.

Non hai milagre Feijóo: Galiza ocupa os últimos postos do estado en recuperación de emprego e estamos lonxe das cifras de 2009.

A súa política económica provocou un descenso do 40% da ocupación xuvenil. Como non imos ter un problema demográfico se a xente moza emigra ou non ten traballo?

E, por último lembra que prometera acabar coa discriminación salarial das mulleres? Pois pasou xusto contrario. A fenda salarial non deixou de medrar e hoxe as mulleres **cobramos de** media 5.480 euros menos que os homes por facer o mesmo traballo.

Señor Feijóo, as súas promesas sobre o emprego teñen a mesma credibilidade que os *masters* do seu novo xefe Pablo Casado.

Analícemos como están os servizos públicos.

Sanidade. Temos hoxe unha mellor sanidade?

Afirma que baixan as listas de espera, pero o Instituto Galego de Estatística di que agora hai máis persoas esperando por unha intervención cirúrxica. E o mesmo pasa para acudir a un especialista, en 5 anos aumentou en 25.000 a lista de espera. Xa son 175.000. Sen contar as listas que oculta nos caixóns.

Afirma que nunca houbo tantos médicos, pero a Conta Xeral do Sergas desmínteo: Recortou 1.727 profesionais sanitarios.

Mentres se produce este debate, 100.000 galegas e galegos non van tomar medicinas que precisan para curarse, porque non poden pagalas.

Os seus recortes e privatizacións están atentando contra a saúde e a vida das persoas. O seu goberno recortou máis de 2.000 millóns á pública, na atención primaria, mentres desviaba esa mesma cantidade á sanidade privada.

É casualidade Sr. Feijóo?

Precarizou as condicións laborais poñendo o persoal sanitario en situación límites, como as traballadoras e traballadores dos PACs que van ir a folga, porque levan meses alertando de que os seus recortes matan.

De recortes e privatizacións saben moito na área sanitaria de Vigo. Por un hospital público que tiña que costar 450 millóns , imos pagar, despois das súas privatizacións, 1350 millóns. E agora POVISA presiona para gañar máis, POVISA un exemplo de manual das portas xiratorias. E o responsábel é vostede.

Sr. Feijóo deixe de ser o monicreque da sanidade privada!

Pero, máis aló dos datos, hai un feito dramático de demostra até que punto a súa política sanitaria é un desastre. Refírome o acontecido no PAC da Estrada, onde José Manuel Brey morreu nos corredores dun centro de saúde porque non había un médico para atendelo.

Sorprende a súa falta de humanidade nun tema tan sensíbel, cando as cifras e os feitos falan por si mesmos.

Como pode ter a indecencia política de vir aquí a rirse dos galegos e das galegas, despois do todo o que leva pasado, dicíndolles que a sanidade nunca estivo mellor?

Educación: A educación pública non escapou a súa *escabechina*.

O que fan co ensino público resume ben o que ren para a sociedade:

- Elitismo: Cidadáns de 1ª e de 2ª
- Adoutramento: Non queren un ensino crítico que aprenda a pensar, queren que ensine a obedecer
- Desgaleguización: Queren unha escola desconectada da realidade galega e da nosa lingua propia.

Por iso recortan na educación pública, mentres derivan cada vez máis recursos á privada e blindan os concertos que segregan por sexo. Isto que é, señor Feijóo, unha cuestión técnica ou é ideoloxía?

A súa proposta estrela son os ordenadores. Claro, os ordenadores non saen a rúa protestar polos seus recortes. De que vale ter máis ordenadores se suprimiu 1.800 profesores e profesoras?

A universidade sufriu duros recortes e sabe, igual que o sei eu, igual que os reitores, que o financiamento universitario é insuficiente, moi inferior á media dos países do noso entorno. Está provocando unha precariedade na investigación que fai que moito

do talento galego emigre. Chegamos ao punto de que proxectos punteiros de investigación biomédica teñen que financiarse cun *crowdfunding*, Fíxese como están as cousas!

Dependencia: Que está pasando con outro dos piares do estado do benestar? Cal é o balance en materia e Dependencia?

- 9.935 persoas non reciben prestación a pesares de ter dereito a ela
- 30.000 dependentes precisan axuda no seu fogar pero non a teñen
- 14.000 precisan transporte adaptado e non o teñen
- 12.300 piden ir a un centro de día e non teñen praza
- Dous anos de media para acceder a unha residencia pública, cando hai lei marca 9 meses.

E mentres, leva anos prometendo 7 residencias nas cidades galegas, prometeuno en 2016, en 2017 outra vez, e en 2018. Sabe cal é a realidade? Nin un só ladrillo, nin un só proxecto.

A súas principais contribucións coa dependencia son: Ser cómplice dos recortes de Raxoi e non reclamar os 186 millóns de euros que nos debe o Estado. Só con que nos pagaran un ano dos que nos deben, atenderíanse a 6.000 dependentes máis e crearíanse 1.500 novos empregos. Tanto que se lle enche a boca criticando a quen non cumpre a lei e vostede está fuxido das súas responsabilidades cos dependentes.

Débeda pública.

E neste contexto de paro e precariedade, de recortes en servizos básicos, pregúntome, todos e todas nos preguntamos, as galegas e galegos dentro de 20 anos tamén se preguntarán... para que endebedou Galiza? Fixo o cálculo de cantos anos imos ter que pagar a súa débeda? En que momento deixou de ser sostíbel esa débeda?

Non deixa unha herdanza de prosperidade, deixa unha débeda de case 15.000 M€ que outros terán que pagar. UNHA HIPOTECA de case 15.000M€

En resumo, señor Feijóo: É vostede un Terminator para Galiza, as súas políticas son como as malas herbas que impiden que o país florezca.

Por iso hoxe temos unha Galiza en precario, con salarios baixos, mentres se dispara a factura da luz, da gasolina ou do gas. O seu legado son os recortes e privatizacións dos servizos públicos, que tanto dano e sufrimento levan causado.

Deixa vostede unha Galiza na que a xente moza emigra e na que as persoas maiores soportan as pensións máis baixas. O seu goberno está instalado na

parálise e é un lastre para Galiza, porque vostede é parte do problema, non da solución e porque vostede é un acomplegado que non confía en Galiza.

Permítame un consello, recoméndolle que baixe do coche oficial e camiñe polas rúas deste país. Camiñe e pregúntelle a xente como está. Seguramente escoitará e verá cousas que non aparecen nos papeis que lle escriben os seus asesores. Escoitará que hai mozas que queren traballar, pero se o fan, a súa nai quítanlle a Risga. Escoitará que hai quen tivo que volver á casa de seus pais, porque tiña que escoller entre comer ou pagar as facturas. Escoitará que para moitas familias o único servizo de conciliación son as avoas e avós. Escoitará que hai familias que levan anos sen poder prender a calefacción. Fágame caso Sr. Feijóo, pise máis a rúa e escoite á xente!

Os problemas de Galiza non caen do ceo, son consecuencia do seu desgoverno e da súa parálise. Asuma as súas responsabilidades.

1º Hai **máis paro e menos emprego** porque non ten un plan de activación económica da base industrial e produtiva deste país,

2º A **austeridade**, que tanto lle gusta, foi unha trituradora de emprego.

3º- Deslocalización: a súa proposta estrela, a lei de implantación empresarial, fracasou no obxectivo de atraer máis investimento. No primeiro semestre deste ano caeu estrepitosamente a inversión estranxeira.

Sabe que se empeza a falar dun efecto Feijóo? Cada vez que promete algo, pasa o contrario. Polo ben deste país deixe de facer promesas.

4º. Innovación. Promete apoiar a innovación e o que fixo foi poñernos no vagón de cola, só se destina o 0,86% do PIB a I+D+i. Estamos como Bulgaria! Os méritos do seu goberno é reducir o investimento e facer desaparecer a metade das empresas innovadoras. Todo o que leva innovación, fulmínoa. É vostede un INNOVICIDA!

Non o digo eu, dino os seus datos e a súa xestión.

5º- Non ten ningún Plan para os sectores produtivos, nin para a agricultura, nin para a gandería, nin para a pesca.

As nosas labregas e labregos producen leite de primeira calidade, pero as industrias páganlles un prezo de segunda. O máis baixo de todo estado. Somos o país de Europa con menor superficie agraria útil. No mar, as cotas son hoxe máis baixas que cando vostede chegou a Xunta.

Resultado: perdéronse máis de 3.600 empregos na pesca, e na agricultura e gandería, máis de 13.300.

Menos mal que esta ía ser a lexislatura do rural!

Pensións. Señor Feijóo, o tempo pasa e vostede xa vai tendo unha idade. Non sei se empezou a pensar a canto ascenderá a súa pensión? O que seguro sabe é canto é a pensión media de Galiza. 810,71 euros, as segundas máis baixas do estado.

É certo que as pensións non son competencia da Xunta, pero o seu partido o PP, é responsábel de recortar as pensións, ampliar a idade de xubilación e roubarlle dereitos a todos os traballadores e traballadoras. E vostede aplaudiu este roubo!

Pero hoxe queremos falarlle das pensións non contributivas, sobre as que temos marxe para actuar. Esas pensión que cobran 40.000 persoas, a maior parte mulleres, que teñen que pagar facturas, medicamentos, comer, e vestir con menos 370 € ao mes.

A proposta do BNG é que aliviemos un pouco esta situación subindo o complemento autonómico en 100 euros mensuais. Unha proposta perfectamente factible, son 40 M€ dun orzamento que supera os 9.000.

Non é a solución de fondo, **hai que ir a unha renda de integración social**, pero mentres, daría osíxeno a unhas economías asfixiadas. Por certo, non sei si xa sabe canto vai cobrar cando se xubile. Dígollo eu: Cobrará case 8 veces máis que as pensións das que estamos falando.

Fenda salarial. E se vostede lle deu as costas aos pensionistas, que dicir das mulleres.

Despois dun 8M masivo que demostrou o profundo malestar das mulleres coas súas políticas, o seu compromiso coa igualdade queda retratado na sentenza do TSXG que condena a Xunta por intentar boicotear a folga de mulleres do 8M. Que vergoña, un presidente que non respecta e boicotea as mulleres deste país!

As mulleres estamos fartas de que non se nos respecte. Ningún home ten dereito a dicirlle a unha muller que está *necesitada* ou é unha chacha. Pero que o fagan representantes públicos é unha indecencia. Non debería acabar este debate sen desculpase, porque nós están insultando a tódalas mulleres.

Vostede non está lexitimado para falar de conciliación cando ás traballadoras do Consorcio da Igualdade e do Benestar non lles permiten conciliar? Saben que teñen que facer, denunciado nos xulgados, porque lles impiden exercer os seus dereitos. Ese é o seu compromiso coa conciliación!

E o mesmo pasa coa fenda salarial. Como pode ser que si unha muller é quen lle limpa o seu despacho en San Caetano, cobra menos que se llo limpara un home?

É unha cuestión de xustiza: a igual traballo, igual salario. Acabe con esta vergoña machista no seu goberno!

Violencia machista. Teño que dicirlle que non son capaz de entender por que a loita contra a violencia de xénero non forma parte das súas prioridades.

Non podo entender por que lle parece moito que dediquemos un euro de cada cen a loitar contra a violencia machista, un terrorismo que asasinou a máis de 40 mulleres

nunha década, que provoca que cada semana se denuncie una violación, que cada día, cada día! 16 mulleres acudan a un xulgado a por violencia machista.

Non lle parece que é unha situación o suficientemente grave como para dedicarlle o 1% do orzamento? Estou segura, si en vez de 40 mulleres asasinadas, fosen 40 deputados ou 40 futbolistas a resposta sería ben diferente.

Pero hai outros dous temas, dos que queremos falar:

Medioambiente.

Galiza ten graves problemas ambientais e o seu goberno paralizado: nin rexeneración integral das rías, nin aposta pola compostaxe, nin transición enerxética, nin redución de emisións, todo o contrario as súas políticas son unha fábrica de cambio climático. Tamén é certo, que a súa conselleira non estaba ao medio ambiente, estaba preparando a campaña das municipais.

E agora, designa como conselleira de Medio Ambiente, á responsábel da maior catástrofe ambiental desta década: a vaga de lumes.

Que deus nos colla confesadas! Diría miña avoa

E hai 2 temas que vostede non respondeu

1º- Mina Touro-O Pino. O seu goberno vai poñerse do lado dunha multinacional condenada ou do clamor social que lle pide que pare a mina porque é unha bomba ambiental que pon en risco miles de postos de traballo en Touro, no Pino e na ría de Arousa? É sinxelo: mina si ou mina non!

2º Situación do monte, principal problema ambiental que ten Galiza: xa vimos este domingo en Mondariz, e hai un ano a onde nos conduce a súa política forestal: 49.000 hectáreas ardidias en 3 días, 4 persoas falecidas ás que non esquecemos e perdas económicas e ambientais millonarias. A súa solución é botarlle gasolina o lume, máis eucalipto e seguir hipotecando o monte galego polos intereses de Ence e Finsa. Paremos este disparate!

Facémoslle 2 propostas:

- Nova política para o monte, apostar por un monte multifuncional, polas madeiras autóctonas de calidade, por pechar o ciclo produtivo da madeira e por frear o descontrol do eucalipto, que non pode ocupar nin metro de terra máis. Retire ese Plan forestal ao servizo de Ence!
- Apostar pola ordenación do Monte, ten instrumentos: Plan Integrado de Loita contra os incendios forestais.

Lingua

Sr. Feijóo, é moi triste que vostede queira situar a lingua galega como unha especie en perigo de extinción.

E son moi perigosas as mentiras que atacan a lingua. É igual de mentirán dicir que o castelán está desaparecido na Galiza, a que se impón o galego na Galiza. Son as dúas caras do mesmo discurso galegófobo e supremacista que pretende ocultar a realidade: Que o galego está excluído de moitos ámbitos e nunha posición de desigualdade.

A situación é tan grave que fíxese o que llo di a RAG, literal do informe da RAG.

Di que vostede fixo retroceder a lingua no ensino 20 anos! Di máis neste informe:

“Podemos concluír que a aplicación do Decreto supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados (lingua das aulas, usos cos compañeiros, uso oral co profesorado e usos escritos”.

E conclúe

“Algo está fallando cando o noso ordenamento legal, desde os inicios da Autonomía prevé avanzar cara á unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán, e pola contra unha parte crecente das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”.

Este é o retrato da súa política lingüística.

Os mesmos que precarizaron as vidas, recortaron dereitos, pensións, salarios, tamén precarizan a lingua. Pero estamos convencidas de que van fracasar pois, como dixo Castelao: Sodes uns imperialistas fracasados!

EMPREGO- INSUFICIENTE

SANIDADE – DETERIORADA

EDUCACIÓN- RECORTADA

PESCA- REDUCIDA

AGRO- EMPOBRECIDO

MEDIO AMBIENTE- CONTAMINADO

IGUALDADE- EXÍGUA

LINGUA- PRECARIA

GOBERNO PARALIZADO

Con este panorama, está claro que precisa cada vez máis, converter os medios públicos nunha delegación do gabinete de prensa do PP. De novo, enche a boca falando de cumprir a lei, resulta que incumpre a lei e a función de servizo público que xustifica a existencia da Radio e da TV galegas.

Fagamos un exercicio de imaxinación. Imaxínese que lle contan que hai un país no que o director da televisión pública, que tiña que ser nomeado polo Parlamento, é nomeado a dedo polo Goberno, que ese director, nomeado a dedo, da instrucións para ocultar a corrupción do partido que goberna, que os traballadores e as traballadoras levan meses manifestándose porque non lles deixan informar libremente, que ademais

de todo isto, dimiten 2 presentadores dos informativos para denunciar a manipulación, que lle abren un expediente a unha das presentadoras, por denunciar nunha gala a que asistía o presidente dese país, a manipulación informativa.

Cree que ese país é un país onde se respecta a democracia?

Ese país non é nin Arabia Saudí nin Turquía. Ese país é Galiza.

E as súas respostas retratan a súa idea de democracia. Pensa que pode vostede vir ao Parlamento dicirnos, que non sabe nada, que non ve a TVG?

Sr. Feijóo, ten o síndrome de Ana Mato que tampouco vía os *jaguars* no garaxe.

Se de verdade é un home de valores democráticos, estará comigo que hai que acabar cos nomeamentos a dedo na CRTVG, e escoller a nova dirección por un concurso público que prime a profesionalidade, o mérito e a capacidade. Se cree na independencia dos xornalista, constitúan xa os Consellos de redacción, e se confía nos profesionais, aproben dunha vez o estatuto profesional.

Non lle estamos pedindo nada extraordinario, só que cumpra a lei.

En conclusión, Sr. Feijóo, leva case unha década subido no coche oficial, durmindo en Monte Pío, pero incapaz de poñer en marcha un proxecto de país, é vostede un **Terminator** para Galiza.

OUTRA GALIZA É POSÍBEL

Pero os galegos e galegas non temos que resignarnos, nin caer na desesperanza: somos un país rico, con capacidade e potencialidade. Outra Galiza é posíbel se mudamos o rumbo!

E para avanzar Galiza necesita dúas cousas, poder económico e poder político, é dicir, máis ferramentas para mellorar a vida das persoas. Se o facemos estou convencida que teremos un futuro prometedor.

Para construír poder económico hai que impulsar unha:

- 1º. Banca pública galega, que acabe co espolio do noso aforro
- 2º. Unha tarifa eléctrica galega, que poña fin a estafa da factura da luz
- 3º. Novo modelo económico, que aposte polos sectores produtivos, por pechar os ciclos e pola innovación.
- 4º. Un novo modelo de financiamento que nos dea a chave dos cartos dos galegos e das galegas.

Vostede en relación co financiamento o único que fixo foi turismo rexionalista de 3ª división.

Animámolo a que abandone o seu centralismo. Deixe de defender a posición que lle interesa a Madrid e o PP, e defenda os intereses de Galiza, que defenda un concerto

económico, a única opción para que realmente teñamos autogoberno real, a única opción para avanzar e garantir unha convivencia entre iguais nun Estado plurinacional.

Coas cifras oficiais de 2014, -último exercicio fiscal liquidado-, Galiza aportou ao Estado vía impostos 11.131 M€, mentres este transferiu 7.043M co actual modelo de financiamento. Se tomamos como referencia o cupo vasco, o que que teríamos que pagar o Estado sería de 630M€, o que deixa un saldo de 3.458 millóns a favor de Galiza.

Entenden por que defendemos o concerto económico contra vento e marea? Porque nós da o control total dos nosos cartos, porque aporta aos galegos e galegas 3.500M€ adicionais cos que blindar os servizos públicos e o servizos sociais, porque nos permite aplicar unha fiscalidade xusta na que paguen máis os que máis teñen e, por suposto, por orgullo de país, porque confiamos na capacidade de Galiza e non compramos a falsa idea de que vivimos da solidariedade do Estado.

Só desde unha mentalidade colonial se pode dicir que Galiza sae perdendo co concerto económico e manter a falsa idea de que vive grazas á solidariedade madrileña.

Tendemos a man para conformar un pacto de país nun tema clave como é o futuro modelo de financiamento pero desde a confianza nas capacidades de Galiza.

Necesitamos poder económico, e tamén necesitamos outra ferramenta: poder político real, é dicir, que as decisións relevantes as tomemos aquí, entre os galegos e as galegas, e non a miles de quilómetros de distancia en función duns intereses que non son os nosos.

Por iso desde o BNG traemos a este debate a proposta de que poñamos andar unha ponencia para articular un novo marco político, que nos recoñeza como o que somos, unha nación con dereito a decidir o seu futuro, e que deixe atrás as estreiteces do autonomismo. Falemos como galegos e galegas de todo, sen límites nin corsés.

E mentres traballamos neste novo marco, non podemos quedar de brazos cruzados, hai que defender unha AXENDA GALEGA ANTE O ESTADO, porque vostede é o Presidente das cero novas competencias, e conduciu a Galiza á irrelevancia e o ostracismo político.

Sr. Feijóo, ten que recoñecelo, foi incapaz de defender unha axenda galega ante o estado. Pasamos de 7 anos de submisión a Rajoy, á súa nova aspiración, ser o recadeiro de Casado. Dá a sensación de que o seu país empeza e acaba nas decisión que se toman na rúa Génova.

Foi cómplice de todas as discriminacións con Galiza: dos retrasos do AVE, do *recortazo* nas inversións do estado, do veto das transferencia da AP-9.

E así non avanzamos. Hai que cambiar este guión. Hai que acabar coa dinámica das forzas estatais que din unha cousa cando están na oposición e a contraria cando

gobernan, demostrándonos que pasan olímpicamente dos problemas dos galegos e galegas.

Necesitamos unha axenda galega poñerlle fin a prórroga de Ence.

Unha axenda galega, para que se active xa, a devolución do Pazo de Meirás.

Para ter unha AP-9, pública, galega e libre da estafa das peaxes.

Unha axenda galega que aposte pola modernización do ferrocarril, as cercanías. Non poden vendernos como éxito que o AVE chegue con 30 anos de retraso.

Unha axenda galega para que nos paguen os 186 millóns da dependencia e teñamos xulgados contra a violencia de xénero en todas as cidades.

Unha axenda galega que aposte por un paquete ambicioso de transferencias:

- polos portos de interese xeral,
- as competencias de tráfico,
- o desenvolvemento da policía galega,
- a confederación hidrográfica do Miño-Sil,
- a xestión das pensións
- ou marco galego de relacións laborais, que poña fin a precariedade e roubo de dereitos

En definitiva, trátase de confiar en Galiza, de decidir desde nós e romper cun centralismo que nunca trouxo nada bo o noso país.

Acaba o tempo desta primeira intervención, mais quixera rematar unha breve reflexión.

Estamos atravesando unha crise económica, social e democrática, que os poderes económicos e fácticos queren resolver a golpe de involución.

Unha involución democrática que é asfixiante nun estado español onde a corrupción é a marca España.

A corrupción non é exclusiva do PP, forma parte do sistema. Infecta a Casa Real, o poder xudicial e opera na escala económica. Só hai que ver o que pasa coas eléctricas e cos bancos. Os gobernos de turno lexislan o seu favor e legalizan estafas colectivas como o rescate bancario ou factura da luz.

Chegamos a tal nivel de involución que neste estado hai rapeiros exiliados polas letras das súas cancións, hai políticos e cidadáns na cárcere por defender as súas ideas e fíxense! 19 galegos e galegas poden ser xulgados por poñer unha pancarta reclamando que a familia Franco nos devolva o pazo de Meirás. Aproveito para enviarlles todo o apoio e solidariedade porque os 19 de Meirás déronnos unha lección maxistral de dignidade.

Como maxistras foron Bóveda e Castelao, e toda esa xeración de galegas e galegos, que hai cen anos botaba andar o nacionalismo, na asemblea de Lugo. Fixeron unha

labor titánica a favor de Galiza, impulsando o PG e unha multitude de iniciativas sociais, culturais, políticas e económicas. Desde a creación da Caixa de aforros Pontevedra, a empresa Zeltia, pasando polas vangardas artísticas galegas ou a primeira proposta de concerto económico para Galiza, que elaborou Alexandre Bóveda, que como todo o mundo sabe, ou case todo o mundo Sr. Feijóo, era economista.

Tiñan un proxecto nacional, transformador e de modernización do país. Un proxecto que se viu truncado polo fascismo, cun resultado devastador, pagando coa vida e co exilio o seu amor a Galiza.

Castelao e Bóveda son un patrimonio colectivo, son de todos os galegos e de todas as galegas, de todos menos dos fascistas e dos seus herdeiros. Castelao e Bóveda entregaron a súa vida a defender este país, e fixérono porque eran nacionalistas, por amor a súa terra. É unha ofensa moi grande a súa memoria, que haxa un presidente que teña o descaro de intentar manipular, retorcer ou ocultar o seu legado e as ideas que eles defenderon. Queda retratada a catadura moral de quen o fai.

Castelao non soñaba cunha Galiza con emigración, nin con caciques, nin con xente que non pode prender a calefacción. Castelao non soñaba cunha Galiza na que se prohibe ensinar matemáticas en galego e na que non hai nin un só xornal na nosa lingua. Castelao, soñou cunha Galiza Ceive, libre e digna e abriu un camiño novo que latexa no corazón de miles de galegas e galegos e é a esperanza dun futuro mellor.

Nós seguimos crendo nese soño e por iso non nos resignamos a vivir nun presente precario, nin nun futuro incerto. Non falla Galiza, falla o seu goberno Sr. Feijóo.

Moitas grazas